

● OPORTUNIDAD Disfruta todo el año del contenido digital de FARO DE VIGO por menos de 3 euros al mes



OS CAMIÑOS DA VIDA

XOSÉ LUIS MÉNDEZ FERRÍN

Buciños en Trasalba

22/05/20

Trasalba, freguesía de Chaos de Amoeiro, pasou unha porción da súa historia gráfica escribíndose con uve, letra tamén outrora chamada be baixa nas escolas, pasantías e amparos de dómine. Cóubolle a Trasalba dos Chaos a sorte de ser escenario e aula escolar aberta de Ramón Otero Pedrayo. O neno don Ramón aínda escribiu Trasalva, se cadra facendo rimar a aldea paterna co estoupido das salvas de insurxencia liberal nos castelos e garnicións de [Galicia](#) polos que furaron os devanceiros do polígrafo o mesto neboeiro miñoto que o XIX galego por veces asemella. A casa de Otero, sen un só vestixio nobiliario nos seus muros, presenta, no nivel de planalto que é a Cimadevila de Trasalba ou Trasalva, a carón do pazo veciño que foi dos Doncos ou dos Gayán (nas novelas ou na realidade), unha ilustración viva da evolución da propiedade e da cultura galega entre a Francesada e o alzamento franquista de 1936. Sei de moitos estudantes nas bibliotecas da cultura reservada de Galicia que teñen medo de rubir a Trasalba porque, sempre que tal fan, achan aló enriba que unha cifra secreta libera os seus arcanos. Cada ano, a Fundación Otero Pedrayo, con sede na Casa Grande de Cima de Vila, outorga o Premio Trasalba a alguén que xulga merecente de o recibir contal que manteña algunha sorte de relación coa persoa histórica de Otero Pedrayo. Cádranlle especialmente ben ao Premio as xentes da cultura e da fidelidade teimosa e republicana afortaladas coa virtude ourensá por excelencia que don Ramón sostiña ser a da discreción e a conformidade epicúrea. Quen mellor para recibir o Premio Trasalba no centro desta adversidade e co corazón encheito de esperanza que o artista Manuel Buciños autor de excelentes monumentos públicos a Otero Pedrayo que converten en máis nosas as rúas das cidades de Galicia?

Buciños, que figura na selección máis vigorosa da [arte](#) do século XX pertence, tamén, a Trasalba. Aínda orixinario das terras de Buciños, da Barrela, de Carballo, el formou na nobre confraría dos grandes creadores que se manifestaron no Ourense do século XX e no ronsel do patriciado de Nós. Buciños estivo atento sempre ao matiz do asobío dos merlos no xardín

traseiro de Otero, mormente nos anos de tristura en que a Casa de Trasalba aínda choraba por todos e pra sempre. Agora pasan pola memoria Xaime, Pousa, de Dios, seguindo os pasos de Calpurnia Abana; Acisclo e Buciños, felizmente nestroutra parte na ribeira.